


As
pitas baixo
a
choiva

Ricardo Carvalho Calero
Alberto Toval



edicións embora



Series 5.0



Colección: Fardel dos soños



As pitas baixo a choiva

Ricardo Carvalho Calero

Este relato foi publicado por vez primeira na revista Lar en 1952. A presente edición respecta integramente a grafía empregada polo autor naquela ocasión.

© do texto: Herdeiras de don Ricardo Carvalho Calero

© das ilustracións: Alberto Toval

© desta edición: Edicións Embora, 2008

R/ Galiano, 63 - 1º. 15402 Ferrol

www.edicionsembora.es

Impreso en C/A Gráfica

Primeira edición: decembro 2008

ISBN: 978-84-95460-94-3


Depósito Legal: C 4329-2008

As

Ricardo Carvalho Calero
Alberto Toval

pitais baixo

a choiva



edicións **embora**


Non. Digades o que queirades, os galos non son agora tan fremosos como nos tempos da miñanenez. Os galos que hoxe vexo son brancos, grises; as cristas pequeneiras e moradas, as colas como de galiña, curtas, raquenas. Cando eu era un cativo, outros galos nos cantaban. Eran unas aves ergueitas, lanzás, maxestosas. Cristas bermellas que pandiaban co pesadume, feros peteiros, ollos acesos, colo tornasolado de lene e fonxe prumaxe, podentes azas, esporas douradas; e a cola un chafarís de lumes e de sombras, con aquelas longas prumas, corvas como caxatos, como bágoos de pegureiros, de bispos orientás.



Algo de militar, de real, de pontifical había n-aquiles galos. Capitáns de Frandes, príncipes idumeos, arquimandritas siríacos: feitos todos de lóstregos, de veludos, de arquivoltas, de arcos da vella, de sol-pores, de roibéns. Así era o galo máis antigo que lembro. Se vivira agora, tería trinta e cinco anos de idade, cicáis. Reinaba no curro de aquela casa onde pasabamos o vran.




O meu pai viña os sábados. Era novo, e nos bicaba con ledicia. Merendabamos tostadas de pan con manteiga e zucre. Tiñamos una cabuxa tan garimosa e tenra que saía conncosco e ía tras de nós, como un cadelíño, pol-as corredoiras, cando andabamos a cazar grilos. Moito quería eu aos animás.






No curro pasaba unha grande parte do meu tempo ollando pra as galiñas. Víaas escarabellar na terra, en percura de vermes e miñocas. Botáballes o millo. Recollía os ovos que anunciaban co seu alporizado cacarexar. Cada ave tiña un nome posto por min, i eran tan estreitas as relacións antre min i elas que cheguéi a coidar que nos comunicabamos co pensamento, e sostiña longos diálogos mentás coas bulidoras pitas e o seu fremoso e acougado rei.



Unha ráfega de vento, de sócato, conmovéu o ar.
E unha nube moura esbaróu pol-o ceo. Laiáronse
as arbres docemente e axiña veóuse o sol. A
bouta azul fíxose gris e fría.
E a choiva comezou a caer.
Era unha choiva de vran, torrencial, esmagadora.
A terra seca bebéu arelosamente as primeiras
augas. Logo, encheita, rexeitou beber máis.
Pozas e miudos regueiros xurdiron antre a lama.
Alampóu un lóstrego. Como se un carro de
patacas emborcara a sua cárrega, a rolar, pol-o
teito do ceo, o trono se escoitou.



Non había poleiro acaroado ao curro.
Recollíanse as pitas pol-a noite dentro da casa,
n-un rocho axeitado. Aquela serán, detrás
de unha fiestra, eu ollaba chover. E de súpeto
vin as pitas. ¡Malpocadas! Coas colas baixas,
a chola afundida, arrechegadas ao muro, nos
recantos, esmaecidas, murchas, tristeiras, a
i-auga escorregaba por riba de elas, teimosa,
cruelmente.





Non o poiden aturar. Baixéi como un lóstrego e abrínlles a porta da casa. Mais as galiñas non se moveron. Chaméinas en van. “Churras, churras”. E saín ao curro, atafegado, pra adugar a grea a teito. Mais cando chegaba cabo de unha ave, ista fuxíame, e alongábase máis cada vez. Así, mollado eu mesmo ate non poder máis, púxenme a berrar e a chorar con moito desconsolo.






Na casa foi notada a miña maniobra. O meu pai ordeou dende a fiestra a miña retirada. Mais ¿cómo ía deixar que a i-auga apodrecera os osos dos probes animás? ¿Cicaves os catarros, as palmonías, o reuma non existían pra as galiñas? Meu pai decía que as súas prumas eran impermeabres, pero isto non o podía eu creer. Seguín correndo detrás das pitas, como tolo.



Entón a miña aboa saíu con un paraugas e pretendéu recollerme. Eu non a ouvía nen a vía, sempre a chorar e a correr tras das cativas aves. Axiña estiveron no curro a miña nai, as criadas, o meu pai, a miña tía, todos os paraugas da casa. Corría eu tras as pitas. Corrían os paraugas detrás miña. Ate que cambéou a táctica da perseguição.





Convencidos de que non regresaría a casa se as galiñas ficaban fora, os mores, escindidos en patrullas, adicáronse a cazar as aves. Pouco a pouco, mentres a choiva apouvigaba os paraugas, as galiñas foron caíndo nas mans das persoas e foron sendo postas ao abrigo. Moito nos dou que facer o galo. Por fin, a miña aboa atinxíuno pol-a cola. Mais ao se tirar a il, esbaróu e caéu. Ficóu a carón do chan con todo o corpo. Perdéu o paraugas, pero non perdéu o galo. Só entón, xa ceibes da choiva os animalíños, acollínme a teito eu, e todos os que interviran na cazata.








Malia os paraugas, estabamos todos
mollados como pitos.





Glosario:

Arquimandrita: Superior dunha comunidade monástica dos cristiáns orientais.

Azas: Ás, extremidades superiores das aves.

Bágoos: Báculos, bastóns, caxatos.

Chafarís: Fonte cun ou máis pichos por onde sae a auga a chorro.

Fonxe: Branda, mol, esponxosa.

Idumeos: Naturales do antigo reino de Idumea, entre Xordania e Israel.

Lanzás: Espigadas, dereitas como en forma de lanza, empertegadas.

Lene: Brando, leve


Pandiaban: Inchaban, inflamaban.


Pegureiro: Persoa que coida o gando.

Podentes: Poderosas, fortes.

Raquenas: Pequenas, ruíns, mesquiñas, escasas.

Roibéns: (de ceos) arroibados, tirando a vermellos, avermellados.





**central
librera**

www.centallibrera.com
DOLORES, 2 - TEL. 981 35 27 19
FERROL



9 788495 460943 >